

Don Dinís: Quer'eu em maneira de proençal Paráfrase

Quero eu facer agora un cantar de amor á maneira provenzal, e quererei nel loar moito a miña *senhor*, a quen valor nin fermosura lle faltan, nin bondade; e direivos máis ao respecto: fíxoa Deus tan cumprida de ben que vale máis que todas as outras do mundo,

pois Deus quixo facer a miña *senhor* tal, cando a fixo, que a fixo coñecedora de todo ben e de moi gran valor, e alén disto, é moi afábel alí onde debe, e deulle tamén bo siso e, alén diso, non lle fixo pouco ben cando non quixo que outra a igualase,

pois na miña *senhor* nunca Deus puxo mal ningún, senón que puxo alí valor e beldade e loor e falar moi ben e rir mellor que calquera outra muller; ademais é moi leal e por isto non coñezo quen poida describir totalmente o seu ben, pois non hai, para alén do seu ben, ningunha outra cousa.

Pero da Ponte: Se eu podesse desamar Comentario

Expresa o desexo de vingarse daquela que sempre o tratou mal, pagándolle na mesma moeda: deixando de amala, procurando o seu mal e facéndoa sufrir. Mais é este un desexo imposíbel, mesmo porque a culpa é do seu propio corazón, que o fai desexar a quen nunca o desexou. Sen poder durmir, só lle resta pedirlle a Deus que desampare a quen sempre o desamparou a el e que lle dea a capacidade para perturbala un pouco - e así xa durmiría. Ou polo menos ("Vel") que lle dese coraxe para falar con ela e preguntarlle por que o cativa así e por iso sofre.

Joán Airas: Pero tal coita hei d'amor Comentario

Aínda que os seus males de amor son profundos, o trovador, ao contrario de moitos, non desexa morrer, antes gustaria de ter unha vida longa ("gran sazón viver"); e isto porque nunca perde a esperanza de ter os favores da súa señora. Desesperar de obtelos é insensato e el nunca chegará a iso.

Soarez de Taveirós: Como morreu quen nunca veu Paráfrase

Como morreu quen nunca obtivo ben daquela que máis amou e viu [cumprirse] aquilo que temía dela e morreu por iso, así morro eu.

Como morreu quen amou aquela que nunca lle quixo facer ben e acabou vendo como morría con pesar, así morro eu.

Como home que tornou tolo co enorme pesar que soportou e perdeu a alegría e o sono ata morrer, así morro eu.

Como morreu que amou aquela dona que nunca lle fixo ben e viu como casaba con quen non a merecía nin merece, así morro eu.